

EDICTO

Nomeamento de Tenientes de Alcalde (Decretos de alcaldía 2.584/2015 de 17 de Xuño e Decreto da Alcaldía 2.603/15 de 19 de xuño, de corrección do anterior)

Por Decreto de alcaldía nº 2.584/2015, de 17 de Xuño noméanse os Tenientes de Alcalde do Concello de Oleiros do que se deu coñecemento ó Pleno do Concello na súa sesión extraordinaria do 23 de Xuño de 2015.

En conformidade cos artigos 13 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro e 43,44 e 114 e seguintes do Real Decreto 2586/1986, do 28 de Novembro, faise público mediante este edicto o contido das resolucións tomadas:

“DECRETO DA ALCALDÍA Nº: 2.603/15

PRIMERO.- Correxir onde pon “Mª Esther I. Pita Garrido”, debe poñer “Mª Esther I. Garrido Pan”.

SEGUNDO.- Notifíquese aos interesados.”

“DECRETO DA ALCALDÍA Nº : 2.584 /15

Primeiro.- Nomear como titulares das Tenencias de Alcaldía os seguintes Concelleiros:

- 1ª Tenencia de Alcaldía: Dª. Mª José Varela Neira
- 2ª Tenencia de Alcaldía: Dª. Margarita Figueroa Vázquez
- 3ª Tenencia de Alcaldía: D. Ignacio A. Crespo Lopez
- 4ª Tenencia de Alcaldía: Dª. Mª Teresa Vázquez Maseda
- 5ª Tenencia de Alcaldía: Dª. Mª Esther I. Pita Garrido
- 6ª Tenencia de Alcaldía: D. Rodrigo Lopez Piquin

Segundo.- En virtude do artigo 23.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e 47.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, correspondera os nomeados substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións, polo orden do seu nomeamento, nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade legalmente previstos, previa expresa delegación.

Terceiro.- Notificar a presente resolución as persoas designadas a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución ó Pleno na primeira sesión que celebre.

Quinto.- Remitir anuncio dos referidos nomeamentos para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e publicalos igualmente no taboleiro de anuncios municipal.

Sexto.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día seguinte a data da presente resolución.

Sètimo.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer os seguintes recursos:

a)- Con carácter potestativo un recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo de un (01) mes, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de acordo co que dispón o artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LPAC).

b)- Directamente contra esta resolución poderase interpoñer un recurso contencioso administrativo diante dos Xulgados do Contencioso Administrativo da cidade da Coruña, no prazo de dous (02) meses, a contar desde o día seguinte ó de recepción da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo dun (01) mes desde a presentación do recurso sen que se teña recibido a notificación da resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo será de seis (06) meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.”

OLEIROS, 30 de xuño de 2015

O alcalde

Ángel García Seoane

